



**Concello
de Brión**

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

**PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA
DUNHA PRAZA DE OFICIAL IV – PEON. RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS
PRESENTADAS Á BAREMACIÓN DA FASE DE CONCURSO.**

Con data 22.08.2023, reúnen os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 07.03.2022, para os efectos de resolver as alegacións presentadas á baremación da fase de concurso para a cobertura dunha praza de oficial IV-Peón.

Presidenta: M^a Dolores Torrado Ares.

Secretaria: Ana Sánchez Fontáns.

Vogais:

Eva María Vidal Caamaño.

Francisco Javier Vidal Lorenzo.

Javier Conde Salgado.


Sendo as solicitudes e reclamacións formuladas por varios aspirantes as seguintes:

1. En relación á reclamación presentada con data 30.07.2023 (registro núm. 202399900001075), na que se sinala que non se lle valorou ao aspirante o curso de formación en Prevención de Riscos Laborais presentado para a fase de concurso.

O Tribunal de selección DESESTIMA a reclamación efectuada polo aspirante ao terlle outorgado unha puntuación de 0,50 na fase de concurso polo curso de prevención de riscos laborais-nivel básico (60 horas).




2. En relación á reclamación presentada con data 03.08.2023 (rexistro núm. 202300000002119).




- En relación á puntuación outorgada pola experiencia profesional, o Tribunal de selección DESESTIMA a reclamación efectuada, ao verificarse que a puntuación outorgada é correcta, posto que ao aspirante non se lle puido puntuar os servizos prestados noutra administración local ao non ter achegado no momento da presentación de instancias a vida laboral, tal e como esixen expresamente as bases reguladoras deste proceso selectivo “ (...) *a forma de acreditación dos servizos será mediante copia do contrato de traballo e certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Os servizos prestados no Concello de Brión serán certificados polo propio concello (...)* ”.



- No tocante á puntuación por formación, o Tribunal de selección DESESTIMA a reclamación efectuada polo aspirante ao terlle outorgado unha puntuación de 1,00 na fase de concurso pola formación de traballador forestal (200 horas) e DESESTIMA a reclamación efectuada en relación á non puntuación dos cursos relacionados con electricidade e fontanería, ao non seren puntuados cursos das mesmas características ao resto de aspirantes e ao tratarse de formación non relacionada estritamente co posto de traballo de peón.



Polo exposto, o tribunal acorda por unanimidade, a DESESTIMACIÓN das alegacións formuladas, considerando definitivas as puntuacións relativas á fase de concurso do proceso de selección para a cobertura dunha praza de oficial IV-Peón, e propón a contratación do aspirante que acadou a maior puntuación no proceso de selección:



APELIDOS E NOME	1º EXERC.	2º EXERC.	CONCURSO	TOTAL
CEBREIRO GARCÍA, MIGUEL ÁNGEL	32,30	27,45	3,80	63,55



**Concello
de Brión**

Praza do Concello, 1
15865 - Brión


981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Do mesmo xeito propónse a constitución dunha BOLSA DE TRABALLO para a provisión temporal de postos, pola orde da súa puntuación, por se fose necesario cubrir baixas, renuncias ou calquera outra situación no concello de Brión no posto para o que se presentaron, en orde de maior a menor puntuación acadada:

APELIDOS E NOME	1º EXERC.	2º EXERC.	CONCURSO	TOTAL
FRANCOS LIÑARES, XURXO	37,60	23,64	0,00	61,24
DÍAZ PAZ, JOSÉ RAMÓN	35,20	21,39	3,45	60,04
GARITAONANDÍA EXPÓSITO, GERARDO	25,80	22,50	10,15	58,45
FERRÓN BLANCO, JOSÉ ALBERTO	32,90	21,26	3,30	57,46
BALUJA BARREIRO, ADRIAN	31,40	22,63	2,40	56,43
SOMOZA DIESTE, JOAQUÍN	29,80	25,93	0,55	56,28
RODRÍGUEZ GARCÍA, GONZALO	30,40	20,67	2,55	53,62
JAUREGUI SERRANO, GABRIEL	27,60	21,70	4,20	53,50
SÁNCHEZ LAMEIRO, JOSÉ MANUEL	22,10	25,31	3,90	51,31
CORDO RIVERA, AVELINO	27,40	19,46	3,80	50,66
CRISMÁN RIVEIRO, SERAFÍN	25,00	17,39	3,05	45,44
CANTELAR FREIRE, JOSÉ	24,00	18,19	1,75	43,94
PAZ SEIJAS, MIGUEL ÁNGEL	24,80	15,06	3,45	43,31

Asemade, o aspirante proposto, MIGUEL ÁNGEL CEBREIRO GARCÍA, e previo á formalización do contrato laboral, **deberá presentar no prazo de vinte (20) días hábiles, a documentación indicada no apartado noveno das bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura da referida praza de oficial IV-Peón.**

E para que así conste e xurda os efectos, levántase a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros do tribunal cualificador.




Mª Dolores Torrado Ares.
A Presidenta,



Ana Sánchez Fontáns
A Secretaria,


Eva María Vidal Caamaño.
Vogal,



Javier Conde Salgado.
Vogal,



Francisco Javier Vidal Lorenzo.
Vogal,



Contra o presente acordo, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución, nos termos dos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo advírteselle que tamén poderá empregar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.